

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 25 DE SETEMBRO DE 2014.**

## ASISTENTES:

### Presidente:

D.<sup>a</sup> Ana Ledo Fernandez

### Concelleiros:

- D. José Ignacio Portos Vázquez
- D. José Angel Rey Seoane
- D.<sup>a</sup> Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D. Gonzalo Concheiro Coello
- D.<sup>a</sup> Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boumorto, sendo as vinte horas do día vinte e cinco de setembro de dous mil catorce, xuntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alcaldesa D.<sup>a</sup> Ana Ledo Fernandez

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido a alcaldesa abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES**

Coñecidas polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 26/06/2014, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento

de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás mesmas. Non son formuladas observacións polo que o Pleno municipal por unanimidade con once votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de data 26/06/2014.

Pola Secretaria dase conta do erro material detectado no acordo de aprobación da ordenanza de axudas de emerxencia social, aprobada en sesión plenaria celebrada en data 26/06/2014 en canto á disponibilidad orzamentaria recollida contemplada no artigo 7, onde di 8.941,10 €uros debe dicir 8.491,10 €uros.

Sen máis intervencións, sometida a votación a rectificación plantexada, por unanimidade o Pleno municipal **ACORDOU:**

**UNICO.-** Rectificar o artigo 7 da Ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria para a concesión de axudas para situación de emerxencia social no Concello de Boimorto 2014 do órgano colexiado de data 26/06/2014 nos seguintes termos: donde di: 8.941,10 €uros debe dicir "...8.491,10 €uros.

## **2.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MC N° 16/2014 SUBEXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2014**

Pola Secretaria dáse lectura ó ditame da comisión informativa permanente especial de contas celebrada o día 22/09/2014 que se reproduce literalmente:

Sen máis intervencións, a Comisión informativa permanente especial de contas, con tres votos a favor, dous dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, un do concelleiro do grupo mixto e con dúas abstencións dos dous concelleiros do grupo municipal do PP ditaminou favorablemente o seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía suplemento de crédito financiado con baixa por anulación:

suplemento de crédito financiado con baixa por anulación na partida de inversións 241.62200 aumentando os créditos de ditas partidas tal e como segue:

Partida 334.623 aumento de 1.625€

Partida 230.623 aumento de 9.643,20€

Partida 920.623 aumento de 3.225€

Partida 172.633 aumento de 2.152,50€

**TOTAL do suplemento = 16.645,70€**

**Segundo.-** Considerar estes gastos específicos e determinados se que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores xa que perderíamos as subvencións.

**Terceiro.-** Informar que non existe, no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014, crédito para estes gastos no capítulo 6 por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

**Cuarto.** - Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública e tramitar tamén a modificación do anexo de inversións”

Explica a Alcaldía que hai unha subvención outorgada para caldeiras de biomasa substituindo as de gasoil a instalar no centro de maiores, na residencia e na casa consistorial, e que hai que facer aportación municipal en parte, considerando que e unha boa inversión para aforrar cartos en combustible suporá usar un combustible máis acorde co medioambiente e que pode fomentar a economía local, xa que, poden crearse empresas subministradoras de pellets. Defende o menor risco deste sistema de calor xa que non poden darse explosións, remata sinalando a necesidade tamén de aportación municipal do IVE da maquinaria para a brigada contra incendios. Continúa a Alcaldesa explicando que dá de baixa para financiar esta modificación créditos previsto para a adquisición da Cámara Agraria, xa que, tras terse negociado coa Xunta de Galicia informaron os técnicos da Xunta que pode saír máis barata a compra o ano que vén.

Sen máis intervencións, con seis votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto) e con 5 abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU**:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía suplemento de crédito financiado con baixa por anulación:

suplemento de crédito financiado con baixa por anulación na partida de inversións 241.62200 aumentando os créditos de ditas partidas tal e como segue:

Partida 334.623 aumento de 1.625€

Partida 230.623 aumento de 9.643,20€

Partida 920.623 aumento de 3.225€

Partida 172.633 aumento de 2.152,50€

**TOTAL do suplemento = 16.645,70€**

**Segundo.-** Considerar estes gastos específicos e determinados se que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores xa que perderíamos as subvencións.

**Terceiro.-** Informar que non existe, no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014, crédito para estes gastos no capítulo 6 por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

**Cuarto.** - Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública e tramitar tamén a modificación do anexo de inversións.

### **3.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MC N° 17/2014 SUBEXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 4/2014**

Pola Secretaria dáse lectura ó ditame da comisión informativa permanente especial de contas celebrada o día 22/09/2014 que se reproduce literalmente:

“Sen máis intervencións a Comisión informativa permanente especial de contas con tres votos a favor, dous dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, un do concelleiro do grupo mixto e con dúas abstencións dos dous concelleiros do grupo municipal do PP ditaminou favorablemente o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía crédito extraordinario, financiado con baixa por anulación na partida de inversións 241.62200, tal e como segue creando, a partida 330.629 **Cultura administración xeneral Festival de la luz, gastos inversión 5.000**

**Segundo.-** Considerar estes gastos específicos e determinados se que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores xa que afectaría á celebración do Festival.

**Terceiro.-** Informar que non existe, no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014, crédito para estes gastos no capítulo 6, por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

**Cuarto.** - Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública e tramitar tamén a modificación do anexo de inversións”

Sinala a Alcaldía a necesidade que se dea de executar este gasto antes do Festival, postes de madeira para a zona de sombreo para a mellora das infraestruturas.

A Alcaldesa permite a intervención do concelleiro D. José Ignacio Portos que di que alugar era máis caro que mercar .

Sen máis intervencións, por unanimidade, con 11 votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG\_PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto) o Pleno municipal **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía crédito extraordinario financiado con baixa por anulación na partida de inversións 241.62200, tal e como segue, creando a partida 330.629 **Cultura administración xeneral Festival de la luz, gastos inversión 5.000**

**Segundo.-** Considerar estes gastos específicos e determinados se que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores xa que afectaría á celebración do Festival.

**Terceiro.-** Informar que non existe, no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014, crédito para estes gastos no capítulo 6, por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

**Cuarto.** - Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública e tramitar tamén a modificación do anexo de inversións.

#### **4.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MC N° 19/2014 SUBEXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 5/2014**

Pola Secretaria dáse lectura ó ditame da comisión informativa permanente especial de contas celebrada o día 22/09/2014 que se reproduce literalmente

“Sen máis intervencións a Comisión informativa permanente especial de contas, con tres votos a favor, dous dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, un do concelleiro do grupo mixto e con dúas abstencións dos dous concelleiros do grupo municipal do PP ditaminou favorablemente o seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía crédito extraordinario financiado con baixa por anulación tal e como segue:

Baixa por anulación na partida de adquisición Cámara Agraria 241.62200 por importe de 3.354,30€

Baixa por anulación na partida de inversión Residencia 230.62700 por importe de 11.744,79, para creación da partida 162.62200 Benestar comunitario, recollida tratamento de lixo, centro de recollida e selección de residuos.

**Segundo.-** Considerar este gasto específico e determinado se que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

**Terceiro.-** Informar que non existe, no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014, crédito para estes gastos no capítulo 6, por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

**Cuarto.** - Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública tramitando o mesmo tempo a modificación do anexo de inversións”

Explica a Alcaldía que esta subvención solicitouse xunto co Concello de Sobrado e hai aportación municipais nun 50%, que se trata dunhas obras de mellora das instalacións do Punto limpo en Sobrado o que supón un traslado de residuos e mellora da reciclaxe destes residuos.

O concelleiro do grupo mixto pregunta polas condicións de compartir esta xestión.

A Alcaldesa di que vanse levar residuos que se tiran en parcela municipal a este punto limpo e que en pacto con Sobrado serán determinados os medios materiais e no seu caso persoais a aportar.

A Alcaldesa dálle a palabra o concelleiro do PSdG-PSOE D. José Ignacio Portos que di que en Sobrado xa tiñan un punto limpo legal e que se pretende, nun futuro facer, alí a separación de residuos da finca e reciclar, que o ideal sería unha composteira máis que con esta inversión queda limpa a finca da Mota e pódese levar todo alí a Sobrado.

O concelleiro do grupo mixto sinala que e curioso que se instale un punto limpo nun concello onde hai un punto negro.

A concelleira do grupo municipal do PP D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo pregunta por que non se fai aquí en Boimorto o que lle responde o concelleiro D. José Ignacio Portos do PSdG-PSOE que alí xa está legal, con permisos, nunha parcela no polígono.

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG\_PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto) o Pleno municipal **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía crédito extraordinario financiado con baixa por anulación tal e como segue:

Baixa por anulación na partida de adquisición Cámara Agraria 241.62200 por importe de 3.354,30€

Baixa por anulación na partida de inversión Residencia 230.62700 por importe de 11.744,79

Para creación da partida 162.62200 Benestar comunitario, recollida tratamento de lixo, centro de recollida e selección de residuos.

**Segundo.-** Considerar este gasto específico e determinado se que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores .

**Terceiro.-** Informar que non existe, no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014, crédito para estes gastos no capítulo 6 por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

**Cuarto.** - Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública tramitando o mesmo tempo a modificación do anexo de inversións.

#### **5.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MC N° 20/2014 SUBEXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 6/2014**

Pola Secretaria dáse lectura ó ditame da comisión informativa permanente especial de contas celebrada o día 22/09/2014 que se reproduce literalmente

“Sen máis intervencións a Comisión informativa permanente especial de contas, por unanimidade, con cinco votos a favor, tres votos a favor, dous dos concelleiros do grupo

municipal do PSdG-PSOE, un do concelleiro do grupo mixto e dous votos a favor dos dous concelleiros do grupo municipal do PP ditaminou favorablemente o seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía crédito extraordinario financiado con BAIXAS POR ANULACIÓN tal e como segue:

Creación das partidas 338.13001 Festas populares, festexos, horas extras persoal 12.000€ e da partida 338.16000 Festas populares, festexos, cuotas patronais de horas extraordinarias á seguridade social 4.000€

A financiar con baixa por anulación na partida 920.12004 9.000€, na partida 920.12100 4.000 € e na partida 92012101 3.000€

**Segundo.-** Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

**Terceiro.-** Informar que non existe, no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014, crédito para estes gastos en cultura estando comprometidos os créditos existentes.

**Cuarto.** - Tramitar o expediente axustándose aos preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública”

Sinala a Alcaldesa que se trata de recoñecer o traballo e ilusión que se pon no Festival e demais traballo en xeral.

A concelleira do grupo municipal do PP, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo pídelle a palabra a Alcaldesa para facer constar que en nome do seu grupo municipal felicita aos traballadores municipais polo seu traballo.

Sen máis intervencións, por unanimidade, con 11 votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto) o Pleno municipal **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía crédito extraordinario financiado con BAIXAS POR ANULACIÓN tal e como segue:

Creación das partidas 338.13001 Festas populares, festexos, horas extras persoal 12.000€ e da partida 338.16000 Festas populares festexos cuotas patronais de horas extraordinarias á seguridade social 4.000€

A financiar con baixa por anulación na partida 920.12004 9.000€, na partida 920.12100 4.000 € e na partida 92012101 3.000€

**Segundo.-** Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

**Terceiro.-** Informar que non existe, no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014, crédito para estes gastos en cultura estando comprometidos os créditos existentes.

**Cuarto.** - Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública.

## **6.- DITAME PARA APROBACIÓN LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO DE INTERVENCIÓN**

Pola Secretaria dáse lectura ó ditame da comisión informativa permanente especial de contas celebrada o día 22/09/2014 que se reproduce literalmente

“Sen máis intervencións a Comisión informativa permanente especial de contas, con tres votos a favor, dous dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, un do concelleiro do grupo mixto e con dúas abstencións dos dous concelleiros do grupo municipal do PP ditaminou favorablemente o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Levantar o reparo suspensivo de data 31/07/2014 ante a urxencia da necesidade de subministro deste material pola celebración do Festival de la Luz 2014, aprobar e efectuar o pago da factura emitida por Eiforsa explotaciones impregnaciones forestales S.A con CIF A-48004311 de data 26/06/2014, por importe de 4.368,34 €uros en concepto de postes de pino tratado con sales para o Festival de la Luz.

**SEGUNDO.-** O pago queda pendente de aplicación ata a aprobación definitiva da modificación presupostaria que se lle determinará a partida que lle sexa correspondente, sendo levantado o reparo suspensivo “

Remítese a Alcaldía ó sinalado en comisión informativa permanente especial de contas.

Sen máis intervencións, por unanimidade, con 11 votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto) o Pleno municipal **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Levantar o reparo suspensivo de data 31/07/2014 ante a urxencia da necesidade de subministro deste material pola celebración do Festival de la Luz 2014, aprobar e efectuar o pago da factura emitida por Eiforsa explotaciones impregnaciones forestales S.A con CIF A-48004311 de data 26/06/2014, por importe de 4.368,34 €uros en concepto de postes de pino tratado con sales para o Festival de la Luz.

**SEGUNDO.-** O pago queda pendente de aplicación ata a aprobación definitiva da modificación presupostaria que se lle determinará a partida que lle sexa correspondente, sendo levantado o reparo suspensivo.

## **7.- PROPOSTA SOBRE O CANON DE BIBLIOTECAS**

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se transcribe a continuación literalmente:

### **<<MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE BOIMORTO SOBRE O CANON DE BIBLIOTECAS.**

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Boimorto desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A propiedade intelectual ten cabida e recoñecemento no artigo 33.1 da Constitución, corresponde aos poderes públicos artellar un sistema legal que permita aos autores ver debidamente retribuído o seu traballo e, ao mesmo tempo, garantir o dereito da cidadanía de acceso á cultura.

España, como os demais membros da Unión Europea, vén obrigada á transposición da Directiva 2006/15/CE na que figura o mandato de implantar un canon por préstamo bibliotecario, tal como xa existe nalgúns estados europeos desde a primeira metade do pasado século (1943).

Este canon grava a todas as bibliotecas públicas, incluídas as municipais que son as máis utilizadas no noso país o que supón unha eiva económica no acceso a elas. Por tal motivo, corresponde ás autoridades

de cada Estado membro acadar a fórmula máis idónea para harmonizar o lexítimo dereito dos autores co dereito fundamental á educación e á cultura de toda a cidadanía.

Non obstante, o Real Decreto 624/2014, de 18 de xullo, polo que se desenvolve o dereito de remuneración ós autores polos préstamos das súas obras, realizados en determinados establecementos accesibles ó público, non ten presente a precariedade orzamentaria dos concellos, e a situación precaria das bibliotecas públicas necesitadas de recursos e con graves dificultades até para manter e conservar os seus fondos e instalacións.

Ademais non se pode descoñecer que a industria cultura do libro comporta o 38,1% do total da achega da cultura ao PIB español e, sen dúbida, as bibliotecas son un elemento fundamental para o desenvolvemento desa actividade editora.

Na regulación aprobada o canon non será pagado polos usuarios das bibliotecas. No seu lugar farano as administracións públicas titulares das bibliotecas, o que supón un gran gasto engadido nun momento económico e orzamentario de especial dificultade para as entidades locais.

Polo tanto, resulta necesario que o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia no eido das súas competencias, incrementen as partidas orzamentarias destinadas á rede de bibliotecas públicas incorporando unha partida específica para facer fronte ao canon por préstamo bibliotecario, tras acadar un compromiso coas entidades xestoras dos dereitos dos autores no senso de destinaren unha parte relevante deses ingresos a funcións de carácter social (bolsas, asistencia...) e á adquisición de novos fondos bibliográficos dentro dos límites que se determinen.

Por iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Boimorto presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

O Pleno Municipal insta o Goberno Galego para que:

1º) Se dirixa ao Goberno central e lle solicite que nos orzamentos para o ano 2015 e progresivamente nos vindeiros exercicios, aumente a partida orzamentaria para a adquisición e a renovación de fondos por parte das bibliotecas públicas e asuman, así mesmo, unha partida específica suficiente para sufragar o canon por préstamo bibliotecario e que, en todo caso, cubra a totalidade do canon nos municipios de menos de 50.000 habitantes.

2º) Requira do Goberno de España que tamén incorpore aos orzamentos para o ano 2015 unha partida específica para colaborar no pago de dereitos que teñen que levar a cabo os museos, arquivos, hemerotecas, fonotecas e filmotecas de titularidade pública, así como por parte de todas aquelas entidades culturais, educativas e científicas que se determinen.

3º) Na Conferencia Sectorial de Cultura propoña a revitalización do Plan de fomento da lectura e para que demande do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, a elaboración dun plan de apoio ás bibliotecas dos pequenos municipios en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias.

4º) No exercicio das súas competencias, aprobe unha partida específica nos orzamentos da comunidade para apoiar ás bibliotecas públicas galegas, singularmente ás municipais, colaborando coas demais administracións públicas no pago do canon por préstamo, e reforzando a adquisición de novos fondos, e a conservación dos existentes.

5º) Elabore un programa específico de fomento e apoio á industria do libro e a lectura.>>



Sinala Alcaldía que no marco da nova normativa da Unión Europea obrígase ó cobro do canon a bibliotecas, di que as bibliotecas xa pagan dereitos de autor e que estes cartos irán a entidades privadas repercutindo negativamente nos usuarios das bibliotecas.

Sen máis intervencións, por unanimidade con 11 votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto) o Pleno municipal **ACORDOU**:

Instar o Goberno Galego para que:

1º) Se dirixa ao Goberno central e lle solicite que nos orzamentos para o ano 2015 e progresivamente nos vindeiros exercicios, aumente a partida orzamentaria para a adquisición e a renovación de fondos por parte das bibliotecas públicas e asuman, así mesmo, unha partida específica suficiente para sufragar o canon por préstamo bibliotecario e que, en todo caso, cubra a totalidade do canon nos municipios de menos de 50.000 habitantes.

2º) Requira do Goberno de España que tamén incorpore aos orzamentos para o ano 2015 unha partida específica para colaborar no pago de dereitos que teñen que levar a cabo os museos, arquivos, hemerotecas, fonotecas e filмотecas de titularidade pública, así como por parte de todas aquelas entidades culturais, educativas e científicas que se determinen.

3º) Na Conferencia Sectorial de Cultura propoña a revitalización do Plan de fomento da lectura e para que demande do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, a elaboración dun plan de apoio ás bibliotecas dos pequenos municipios en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias.

4º) No exercicio das súas competencias, aprobe unha partida específica nos orzamentos da comunidade para apoiar ás bibliotecas públicas galegas, singularmente ás municipais, colaborando coas demais administracións públicas no pago do canon por préstamo, e reforzando a adquisición de novos fondos, e a conservación dos existentes.

5º) Elabore un programa específico de fomento e apoio á industria do libro e a lectura.>>

## **8.- PROPOSTA SOBRE USO DE FERTILIZANTES AGRARIOS PROCEDENTES DE LAMAS DE DEPURADORAS**

Pola Alcaldía dáse a palabra ó concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas que expón esta proposta como segue literalmente:

### **<<MOCIÓN SOBRE O USO DE FERTILIZANTES AGRARIOS PROCEDENTES DE LAMAS DE DEPURADORAS**

Os lodos de depuración teñen a súa orixe nos residuos humanos e industriais que se verten en forma de augas residuais e conteñen organismos e substancias que poden impactar na saúde humana e ambiental cando superan determinados niveis.

O seu uso está regulamentado na nosa comunidade autónoma polo decreto 125/2.012 de 10 de maio publicado no DOG do mércores 6 de xuño.

O solo agrícola é un recurso inestimable e limitado, resultado de decenas de séculos de actividade agraria, que é preciso preservar da súa degradación.

Existe unha necesidade crecente de desfacerse das lamas, pois convertéronse nun problema, e un risco real de que se vertan alegremente, sen control, nos solos agrícolas cos correspondentes riscos sanitarios e medio ambientais.

Debido a que neste concello e nos limítrofes se observa nestes dous últimos anos un uso crecente de lamas de depuradoras como fertilizantes agrarios, e considerando a súa potencial perigosidade se non se

fai un uso adecuado dos mesmos, invito ós compañeiros concelleiros desta corporación de Boimorto a reparar sobre os seguintes aspectos:

-- Estes fertilizantes poden conter cantidades excesivas de metais pesados, maiormente cadmio, mercurio, níquel, arsénico e chumbo que supera 30 ou 40 veces os dos fertilizantes de clase B para os elaborados a partir de residuos. Conteñen tamén dioxinas, microorganismos patóxenos, e PCBs (policlorobifenilos).

-- Son precisamente as bacterias patóxenas as que máis perigo representan cando estes lodos ou lamas non son suficientemente tratados ou feito o tratamento a toda présa.

-- O seu uso precisa dunha analítica do PH do solo receptor, pois dependendo do mesmo e da composición do lodo a usar así será a cantidade máxima permitida.

-- Sabido é *vox populi*, que actualmente se utilizan alegremente sen observaren a lexislación vixente, e cando se fala de certificados, analíticas e demais suscítase un sorriso que nos leva a sospeitas nada prometedoras.

-- É a propia empresa a que recolle a mostra para analizar sen que haxa contraanálise e a Xunta ten escaseza de funcionarios para facer analíticas de control e así ter un seguimento do problema .

Por todo isto este concelleiro insta a este Pleno Municipal a que tome o seguinte acordo:

1-- Que o equipo de goberno deste Concello elabore unha ordenanza municipal que regule o uso deste tipo de fertilizantes que contemple polo menos as condicións expostas no apartado seguinte.

2--Facer durante este inverno unha campaña, (dirixida ós gandeiros e agricultores, potenciais usuarios destes fertilizantes), que informe sobre as obrigas a ter en conta e que o seu incumplimento pode derivar en risco serio para a saúde e o ambiente e pode así mesmo ser causa de retirada das axudas da PAC ós beneficiarios que as incumpran. Estas obrigas son:

a) Coñecer as características do solo da explotación para saber se é susceptibel ou non de recibir lamas. Compre por tanto saber a cantidade de metais pesados do solo, materia orgánica, nitróxeno, amonios, fósforo e o seu PH como mínimo.

b) Empregar exclusivamente lamas previamente tratadas por vía biolóxica, química ou térmica, co obxectivo de reducir o seu poder fermentativo, os inconvenientes sanitarios e cunha concentración de metais pesados por baixo dos límites legais.

c) Respectar as cantidades anuais de lamas que se poden aplicar ó solo en función das súas características.

d) Respectar os períodos e os cultivos nos que se proíbe a aplicación de lamas tratadas.

e) Conservar e facilitar á administración (tamén ao concello) a documentación expedida polo titular da entidade xestora da que procedan as lamas, que debe incluír información sobre o tratamento e a composición das lamas (materia seca, materia orgánica, pH, nitróxeno, fósforo e metais pesados (Cadmio (Cd), Cobre (Cu), Níquel (Ni), Chumbo(Pb), Zinc(Zn), Mercurio(Hg) e Cromo(Cr).

f) Está prohibido empregar lamas en pradarías ou pasteiros que poidan ser aproveitados directamente polo gando, dentro das 3 semanas previas á data de entrada deste.

g) Está prohibido usar lamas en cultivos hortícolas e frutícolas non leñosos, durante o seu ciclo vexetativo, ou durante os 10 meses previos á colleita destes en caso de cultivos hortícolas e frutícolas cuxas partes se vaian comercializar ou consumir en fresco e estean directamente en contacto co chan.

3-- Dar conta ós plenos das corporacións municipais da comarca deste acordo.

Boimorto, 15 de setembro de 2.014

Asdo. Xosé Luís Rivas Cruz, concelleiro do BNG de Boimorto>>

Expón o concelleiro do grupo mixto que é necesaria unha ordenanza municipal que regule isto e no caso de usar estes fertilizantes que se faga respectando os límites legais.

O concelleiro do PSdG-PSOE D. José Ignacio Portos e o concelleiro do PP D. Gonzalo Concheiro preguntan sobre a posible retirada da axuda da PAC ó concelleiro do grupo mixto di que sí.

Sen máis intervencións, por unanimidade con 11 votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto) o Pleno municipal **ACORDOU:**

1-- Que o equipo de goberno deste Concello elabore unha ordenanza municipal que regule o uso deste tipo de fertilizantes que contemple, polo menos, as condicións expostas no apartado seguinte.

2--Facer durante este inverno unha campaña, (dirixida ós gandeiros e agricultores, potenciais usuarios destes fertilizantes), que informe sobre as obrigas a ter en conta e que o seu incumplimento pode derivar en risco serio para a saúde e o ambiente e pod, así mesmo, ser causa de retirada das axudas da PAC ós beneficiarios que as incumpran. Estas obrigas son:

a) Coñecer as características do solo da explotación para saber se é susceptible ou non de recibir lamas. Cómpre, por tanto, saber a cantidade de metais pesados do solo, materia orgánica, nitróxeno, amonios, fósforo e o seu PH como mínimo.

b) Empregar exclusivamente lamas previamente tratadas por vía biolóxica, química ou térmica, co obxectivo de reducir o seu poder fermentativo, os inconvenientes sanitarios e cunha concentración de metais pesados por baixo dos límites legais.

c) Respetar as cantidades anuais de lamas que se poden aplicar ó solo en función das súas características.

d) Respetar os períodos e os cultivos nos que se proíbe a aplicación de lamas tratadas.

e) Conservar e facilitar á administración (tamén ao concello) a documentación expedida polo titular da entidade xestora da que procedan as lamas, que debe incluír información sobre o tratamento e a composición das lamas (materia seca, materia orgánica, pH, nitróxeno, fósforo e metais pesados, Cadmio (Cd), Cobre (Cu), Níquel (Ni), Chumbo (Pb), Zinc(Zn), Mercurio(Hg) e Cromo(Cr).

f) Está prohibido empregar lamas en pradarias ou pasteiros que poidan ser aproveitados directamente polo gando, dentro das 3 semanas previas á data de entrada deste.

g) Está prohibido usar lamas en cultivos hortícolas e frutícolas non leñosos, durante o seu ciclo vexetativo, ou durante os 10 meses previos á colleita destes en caso de cultivos hortícolas e frutícolas cuxas partes se vaian comercializar ou consumir en fresco e estean directamente en contacto co chan.

3-- Dar conta ós plenos das corporacións municipais da comarca deste acordo.

## **9.- PROPOSTA POLA DEFENSA DA PLURALIDADE E A PARTICIPACION POLÍTICA E CONTRA A REFORMA ELECTORAL QUE PRETENDE O PP**

Pola Alcaldía dáse a palabra ó concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas que expón esta proposta como segue literalmente:

### **<<MOCIÓN POLA DEFENSA DA PLURALIDADE E A PARTICIPACIÓN POLÍTICA E CONTRA A REFORMA ELECTORAL QUE PRETENDE O PP**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despos de 30 anos de se manteren no Estado español certos elementos básicos do sistema electoral, entre os que cómpre salientar a retriación da proporcionalidade que beneficia, sobre todo, os partidos máis votados e con maior implantación, o Partido Popular decidiu desenvolver unha ofensiva en diferentes fronteas contra a democracia, as liberdades públicas e o dereito de participación e de expresión da cidadanía. De aí que pretenda, por unha parte, unha reforma da lei baseada na redución do número de deputados e deputadas para integraren o Parlamento galego e unha reforma da lexislación electoral para facilitar a investidura automática como alcalde ou alcaldesa da persoa que ocupe o primeiro posto da lista máis votada, aínda que non se corresponda coa expresión da vontade da maioría dos cidadáns e das cidadás que emitiron o seu voto. De feito, o que o PP leva expresado publicamente arredor da súa proposta non é que se escolla o/a alcalde/esa directamente, senón que uns votos posúan máis valor que outros.

Os obxectivos do PP son os de se asegurar con maior facilidade acadar a maioría absoluta e reducir a pluralidade política que a cidadanía expresa a través das urnas. Estamos, pois, ante unha subversión dos alicerces da representación democrática que vai na liña contraria do que defende o BNG. Esta medida, para alén de constituír un intento do Partido Popular de concentrar nas súas mans o maior número de alcaldías, supón, na práctica, unha reforma que incide na concentración de poder nas mans de alcaldes e alcaldesas, privando ao pleno, aos órganos colexiados e, por tanto, á cidadanía de capacidade de control da actuación municipal. De feito, todos os informes especializados e os organismos internacionais sinalan que un dos principais elementos para combater a corrupción é a maior participación política e a pluralidade fronte á concentración do poder. Velai as verdadeiras medidas anticorrupción que o PP non quere aplicar.

Estamos, pois, ante unha tentativa de lexitimación de concesión dun poder absoluto a órganos unipersoais, que reforzan o presidencialismo e restan pluralidade. Téntase que os gobernos locais non reflictan a pluralidade política e social existente, senón que unha parte poida gobernar ao seu antollo, a través dun/unha alcalde/esa que governe aínda que o seu apoio popular nas urnas sexa minoritario.

O Bloque Nacionalista Galego considera esta proposta profundamente antidemocrática e contraria ao interese do conxunto da sociedade, que continuamente está expresando a súa demanda de exercer unha maior participación, control e transparencia das institucións. Mais tamén xulga que os contidos que o PP está a manifestar publicamente que configurarían a proposta de reforma electoral son contrarios á configuración institucional e de representación política consagrada no actual ordenamento xurídico.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

Este concello insta ao Goberno Galego a:

1.- Manifestar a súa rotunda oposición á proposta de reforma da lexislación electoral formulada polo Goberno do Estado que ten como finalidade que ostente a alcaldía a lista que resulte máis votada, reforzando deste xeito a concentración do poder municipal en órganos unipersoais e vulnerando a expresión do pluralismo político da cidadanía e a súa capacidade de participación e control da xestión pública municipal.

2.- Dirixirse ao Goberno do Estado español coa finalidade de instar unha modificación do sistema electoral que favoreza unha mellor expresión nos órganos de representación da pluralidade política da cidadanía e unha maior participación no impulso e decisión das políticas públicas, introducindo medidas tales como:

a) Definición, agás no caso de eleccións municipais, como circunscrición electoral do territorio galego, isto é, incluír como circunscricións electorais únicas as actuais comunidades autónomas.

b) Eliminación da regra de Hont da fórmula de asignación da representación nos órganos e substituíndoa por outra que garanta un resultado máis proporcional á vontade expresada pola cidadanía.

c) Eliminación do limiar mínimo para acceder á repartición de representación.

d) Regulación da capacidade de convocatoria de referendos a todas as administracións en asuntos do seu interese, e fixando un catálogo de asuntos que deben ser obxecto de consulta obrigatoria antes de adoptar unha decisión (especialmente aqueles vinculados coa xestión dos servizos públicos), así

como un procedemento para que un determinado número de persoas poida esixir a convocatoria de referendos con carácter vinculante para os poderes públicos.

Boimorto 17 de setembro de 2.014

Asdo. Xosé Luís Rivas Cruz Concelleiro do BNG de Boimorto>>

Expón o concelleiro do grupo mixto que é unha inxustiza que en Lugo coste menos un deputado que na Coruña e que en Ourense ou Lugo, co 20% de votos non se obteña representación e o PP alcance representación maioritaria co 50%.

Protesta este concelleiro polo funcionamento actual do sistema electoral, limitado á expresión da vontade popular cada catro anos sen máis consultas, di que hai asuntos que deben ser consultados á cidadanía.

O concelleiro do grupo Popular D. Gonzalo Concheiro expón a súa postura, di que a súa maneira política de pensar é diferente defendendo o goberno da lista máis votada como o máis democrático, di que é cuestión de equilibrio non de minorías. Continúa este concelleiro indicando que o acordo non contempla a defensa das listas abertas, pide aos seus compañeiros de grupo que voten individualmente.

O concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas resposta que o goberno por lista máis votada atenta contra a pluralidade que cada vez é menor e di que a democracia se sustenta na negociación.

O concelleiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro segue coa defensa das listas abertas como solución, di que o importante é un clima democrático, nomas de convivencia no marco dunha economía de mercado.

O concelleiro do grupo mixto dille que o BNG fai listas en Asamblea e que está de acordo coas listas abertas, sobre todo en pequenos municipios pero que o goberno en maos da lista máis votada atenta contra a pluralidade.

Sen máis intervencións, por maioría con 6 votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto e cos votos en contra dos 5 concelleiros do grupo municipal do PP ) o Pleno municipal **ACORDOU:**

Este concello insta ao Goberno Galego a:

1.- Manifestar a súa rotunda oposición á proposta de reforma da lexislación electoral formulada polo Goberno do Estado que ten como finalidade que ostente a alcaldía a lista que resulte máis votada, reforzando deste xeito a concentración do poder municipal en órganos unipersoais e vulnerando a expresión do pluralismo político da cidadanía e a súa capacidade de participación e control da xestión pública municipal.

2.- Dirixirse ao Goberno do Estado español coa finalidade de instar unha modificación do sistema electoral que favoreza unha mellor expresión nos órganos de representación da pluralidade política da cidadanía e unha maior participación no impulso e decisión das políticas públicas, introducindo medidas tales como:

a) Definición, agás no caso de eleccións municipais, como circunscrición electoral do territorio galego, isto é, incluír como circunscricións electorais únicas as actuais comunidades autónomas.

b) Eliminación da regra de Hont da fórmula de asignación da representación nos órganos e substituíndoa por outra que garanta un resultado máis proporcional á vontade expresada pola cidadanía.

c) Eliminación do limiar mínimo para acceder á repartición de representación.

d) Regulación da capacidade de convocatoria de referendos a todas as administracións en asuntos do seu interese, e fixando un catálogo de asuntos que deben ser obxecto de consulta obrigatoria antes de adoptar unha decisión (especialmente aqueles vinculados coa xestión dos servizos públicos), así como, un procedemento para que un determinado número de persoas poida esixir a convocatoria de referendos con carácter vinculante para os poderes públicos.

### **10.- PROPOSTA APOIO ÁS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS**

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se transcribe a continuación literalmente:

<<A organización profesional agraria Unións Agrarias - UPA traslada aos Grupos políticos con presenza nesa Corporación Municipal para que, de acordo co establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sexa presentada para o seu debate e aprobación polo Pleno a **MOCIÓN** que a continuación se recolle:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A actividade gandeira nas zonas desfavorecidas por despoboamento depende dos fondos da Política Agrícola Común (PAC), xa que o 40% dos ingresos das explotacións proveñen das axudas tanto do primeiro piar (axudas directas) como do segundo piar (axudas ao desenvolvemento rural).

Nas últimas semanas numerosos produtores de gando vacún recibiron unha comunicación da Xunta de Galicia anunciando a denegación de diversas axudas en concepto de indemnización aos agricultores polas dificultades naturais en zonas desfavorecidas de montaña e distintas das de montaña denominadas xenéricamente indemnizacións compensatorias (IC), de contrato de explotación sustentable (CES) para remunerar as funcións territoriais, sociais e ambientais que derivan de determinados sistemas agrícolas e gandeiros ou de fomento das razas autóctonas en réximes extensivos.

O problema de fondo é a insuficiente dotación económica dunhas axudas aos produtores, das que Europa aporta o 75% dos fondos.

Segundo o censo de agricultores e gandeiros, nos próximos 7 anos alcanzarán a idade de xubilación en Galicia nada menos que o 40% do censo de agricultores e gandeiros, estando previsto pola Xunta, que no mesmo período se incorporen como altas a actividade agrogandeira, apenas un 2,5% do censo do ano 2013.

As zonas desfavorecidas por despoboamento deben afrontar graves problemas socioeconómicos derivados do abandono da actividade e do envellecemento da poboación. Os incendios forestais nestas zonas constitúen unha problemática contra a cal a gandería extensiva ten un alto potencial de prevención, tal como considera a Unión Europea, aínda que ata o momento a Xunta de Galicia unicamente considerou medidas represivas sobre a gandería para resolver a problemática dos lumes nestas zonas.

**A Unión Europea considera estas axudas como un pago aos produtores en concepto de servizos medioambientais e xestión sustentable do territorio, e considera igualmente que é máis barato para a sociedade pagar estas axudas, que facer fronte ao custe do abandono do territorio á dinámica do mato, o lume, e o resto de problemas medioambientais e sociais que conleva o abandono.**

Polo exposto, A organización profesional agraria Unións Agrarias - UPA, **SOLICITA** a presentación desta **MOCIÓN** diante do pleno da corporación municipal, para apoiar nas administracións correspondentes, e solicitar do Presidente da Xunta de Galicia o seguinte:

Que se conceda ás explotacións gandeiras das zonas desfavorecidas por despoboamento o apoio suficiente para que poidan continuar desenvolvendo a súa función insubstituíble de mantemento do territorio e do medio ambiente.>>

A Alcaldesa sinala que se trata de trasladar o descontento pola maneira en que se xestionan as axudas do sector agrogandeiro.

O concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas Cruz intervén manifestando que estando de acordo coa moción presentada sería bo que se incluínsen estes puntos para completala:

Pasa a continuación a ler os seguintes puntos:

1.- *A retirar todos os expedientes administrativos iniciados contra os gandeiros e gandeiras nos que se lle solicita a devolución de fondos xa cobrados toda vez que teñen acreditado e xustifico o cumprimento das condicións establecidas nas bases.*

2.- *A incluír nos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2015 as contías suficientes para poder continuar cunha política de promoción da estensificación das explotacións, fundamentalmente de vacún de carne, nas zonas de montaña e desfavorecidas, onde esta é unha das poucas alternativas produtivas con capacidade para xerar emprego e riqueza*

3.-*Que na programación do PDR (plano de desenvolvemento rural) de Galiza 2014/2020 que está elaborando a Xunta de Galiza se inclúan medidas e orzamentos para promover a gandería en extensivo e para incrementar a incorporación de superficie actualmente abandonada á actividade agrogandeira.*

O pleno está de acordo coa súa inclusión.

O concelleiro do PSdG-PSOE D. José Ignacio Portos di que igual que axudan en pesca que se reclamen axudas para explotacións sobre todo en zonas desfavorecidas como esta.

Sen máis intervencións por unanimidade, con 11 votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto) o Pleno municipal **ACORDOU:**

Solicitar do Presidente da Xunta de Galicia o seguinte:

1.- *A retirar todos os expedientes administrativos iniciados contra os gandeiros e gandeiras nos que se lle solicita a devolución de fondos xa cobrados toda vez que teñen acreditado e xustifico o cumprimento das condicións establecidas nas bases.*

2.- *A incluír nos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2015 as contías suficientes para poder continuar cunha política de promoción da estensificación das explotacións, fundamentalmente de vacún de carne, nas zonas de montaña e desfavorecidas, onde esta é unha das poucas alternativas produtivas con capacidade para xerar emprego e riqueza*

3.-*Que na programación do PDR (plano de desenvolvemento rural) de Galiza 2014/2020 que está elaborando a Xunta de Galiza se inclúan medidas e orzamentos para promover a gandería en extensivo e para incrementar a incorporación de superficie actualmente abandonada á actividade agrogandeira.*

4.- *Que se conceda ás explotacións gandeiras das zonas desfavorecidas por despoboamento o apoio suficiente para que poidan continuar desenvolvendo a súa función insubstituíble de mantemento do territorio e do medio ambiente.*

## **11.- PROPOSTA APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA BOLSA DE EMPREGO MUNICIPAL**

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se transcribe a continuación literalmente:

## **<<PROPOSTA DE APROBACIÓN DUNHA ORDENANZA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE BOIMORTO.**

Visto a necesidade de aprobación dunha Ordenanza reguladora para a creación dunha Bolsa de Emprego do Concello de Boimorto (A Coruña) dando resposta a Ordenanza específica reguladora do outorgamento de axudas para creación de emprego publicada no BOP con data 22/08/2014.

Visto o informe da secretaria intervención de data 22/09/2014 a este expediente.

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Sendo necesaria aprobación dunha Ordenanza para a creación dunha Bolsa de Emprego do Concello de Boimorto (A Coruña), aprobar a Ordenanza anexo á seguinte proposta.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edito ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49. b) da lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Boimorto, 22 de setembro de 2014

A Alcaldesa

Asdo.- Ana Ledo Fernández

## **ANEXO ORDENANZA REGULADORA DA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE BOIMORTO**

### **1.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A evolución do mercado de traballo, o incremento do desemprego e a situación de crise fan necesario articular medidas e accións de atención constante e especializada dirixidas a aqueles colectivos que estén en situación de desemprego.

A Bolsa de emprego xestionada polo Concello de Boimorto ten como finalidade que os inscritos nela (desempregados/as) e as empresas do noso municipio dispoñan dun medio máis que contribúa a unha maior eficacia e eficiencia do mercado laboral.

Esta Bolsa de emprego vai dirixida a persoas que busquen emprego e aos/as empresarios/as que buscan traballadores/as para a súa empresa, realizando unha labor informativa, poñendo en contacto a ambos os dous colectivos. Facéndose unha ferramenta áxil como transparente e eficaz á disposición do cidadán en xeral.

A alta nesta Bolsa de emprego non suporá a alta noutras bolsas de emprego e procesos de selección de persoal do Concello de Boimorto.

En ningún caso a Bolsa de emprego municipal se entende como un servizo que proporcione postos de traballo “in situ”, senón que colabora coa persoa desempregada.

### **2.- NORMATIVA**

#### ***ARTIGO 1. DEFINICIÓN E OBXECTO***

Esta ordenanza ten por obxecto regular a constitución e funcionamento da “Bolsa de emprego do Concello de Boimorto”. Esta Bolsa de emprego está ideada para prestar un servizo de intermediación laboral entre persoas desempregadas e empresas en búsqueda de traballadores/as.

A Bolsa de emprego xestionada polo Concello de Boimorto ten como obxectivos:



1. Intermediar laboralmente de xeito que a bolsa constitúa unha ferramenta de conexión entre a demanda de emprego existente e as ofertas de emprego.
  2. Establecer e afianzar contactos co sector empresarial da zona como estratexia facilitadora do acceso ao mercado de traballo.
  3. Promover a inserción laboral dos/as traballadores/as e orientar a súa formación para facilitar ou mellorar as súas posibilidades de acceso a un posto de traballo por conta allea ou propia.
  4. Xestión de axudas municipais para o fomento da creación de emprego.
- Deste xeito, a Bolsa de emprego constituiría un servizo adicional ao que presta o Servizo Público de Emprego de Galicia a través das Oficinas de Emprego.

#### *ARTIGO 2. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES*

Serán requisitos para formar parte da Bolsa de emprego do Concello de Boimorto:

1. Ser maior de dezaseis anos. No caso de que a persoa desempregada non teña a maioría de idade a solicitude deberá ir asinada polo representante legal ou titor/a da persoa solicitante.
2. Ser español ou tela nacionalidade dun dos Estados da Unión Europea ou pertencer a calquera dos estados aos que sexa aplicable o dereito a libre circulación de traballadores no estranxeiro.

Serán requisitos específicos para formar parte da Bolsa de emprego:

1. Estar en situación de desemprego e inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego correspondente.
2. Empadramento no Concello de Boimorto.

#### *ARTIGO 3. INSCRICIÓNS*

Para realizar a inscrición na Bolsa de emprego do Concello de Boimorto a persoa candidata deberá:

- 1) Realizar a preinscrición:

A persoa candidata realizará a súa preinscrición da seguinte forma:

En modelo normalizado que figura como Anexo I desta ordenanza, que ao efecto se lle entregará á persoa interesada, ou ben poderá descargalo na páxina web do Concello de Boimorto.

Unha vez cumprimentado o Anexo I, presentarse no Rexistro do Concello dirixida ao Departamento de Emprego.

- 2) Realizar a entrevista de inscrición:

A persoa candidata unha vez realizada a preinscrición será citada para realizar unha entrevista onde se formalizará a recollida de información e a súa inscrición na Bolsa de emprego.

Nesta entrevista de inscrición a persoa candidata presentará a seguinte documentación:

- Fotocopia DNI
- Certificado do Servizo Público de Emprego da situación de desemprego actualizado.
- Informe de Vida Laboral da Seguridade Social actualizado.
- Currículo.
- Anexo II ( Inscrición na Bolsa de Emprego)
- Anexo III ( Autorización para a protección de datos)

Todos os datos incluídos no currículo, así como nos impresos serán tratados baixo a máis estrita confidencialidade, e serán revisados e actualizados de forma periódica.

#### *ARTIGO 4. FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO*

A atención ao público da Bolsa de emprego realizarase de luns a venres, dentro dos horarios das oficinas municipais.

Calquera variación dos datos achegados á Bolsa de emprego deberá comunicarse presentando a través do Rexistro o impreso de modificación, recollido no Anexo III desta ordenanza, acompañado da documentación oportuna.

A inscrición na Bolsa de emprego terá unha vixencia de 24 meses dende a data de rexistro da preinscrición. Pasado este período de tempo a inscrición débese renovar, empregando o impreso que figura no Anexo III desta ordenanza.

Se a persoa inscrita, por calquera motivo, quere darse de baixa na Bolsa de emprego, deberá solicitala polos mesmos medios establecidos para a inscrición empregando o impreso do Anexo III.

#### Artigo 4.1. Xestión das ofertas de emprego

Os empregadores que precisen incorporar ás súas empresas a un traballador deberán realizar a correspondente solicitude ao Departamento de emprego do Concello de Boimorto, mediante a cumprimentación do impreso elaborado ao efecto, recollido no Anexo V da presente ordenanza, mediante unha breve descrición do perfil que deben cumprir as persoas candidatas.

O proceso de inscrición da oferta deberá formalizarse directamente no Departamento de emprego, mediante a presentación do Anexo V debidamente cuberto e asinado para así proceder ao envío de persoas candidatas.

Tras unha preselección dos perfís dos candidatos máis apropiados para o posto, se os houbese, o técnico responsable da xestión da Bolsa de emprego porase en contacto coas persoas incritas preseleccionadas para informarlles da oferta e comprobar o seu interese en participar no proceso. Seguidamente remitirase unha copia dos currículos aos empregadores solicitantes. A entrega dos currículos das persoas candidatas preseleccionadas aos solicitantes será inmediata trala incorporación da súa disponibilidad. A comprobación do interese do candidato, nos casos de urxencia, poderá ser obviado entregándose directamente os datos dos posibles candidatos á empresa, co gallo de que esta proceda a realizar a selección.

Unha vez entregados os currículos, o empregador decidirá o método de selección das persoas candidatas preseleccionadas, quedando baixo a súa responsabilidade de tutela a confidencialidade dos currículos entregados.

Finalizada a selección, a empresa comprométese a destruír os currículos das persoas candidatas non contratadas.

No caso de non existir persoas candidatas que cumpran os requisitos da oferta consultarase coa empresa a posibilidade de elaborar un anuncio que se pode dar a coñecer no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

O ofertante deberá notificar no Departamento de emprego o resultado do proceso de selección.

#### *ARTIGO 5. TIPO DE DATOS SUSCEPTIBLES DE SEREN ALMACENADOS*

Os datos susceptibles de seren almacenados das persoas candidatas serán:

- Nome e Apelidos, DNI, teléfonos, correo electrónico, enderezo, poboación, data de nacemento.
- Fotografía
- Formación académica e cursos
- Experiencia profesional

Non se pedirán nin se aceptarán datos relacionados coa etnia, preferencias sexuais, crenzas relixiosas nin similares.

#### *ARTIGO 6. DEREITOS E DEBERES*

##### Artigo 6.1. Dereitos e deberes das persoas inscritas na Bolsa de emprego do Concello de Boimorto

- As persoas candidatas inscritas no ficheiro de emprego terán dereito a coñecer todos os artigos contidos na presente ordenanza, así como cantos cambios e modificacións se produzan no mesmo. Así mesmo, terán a obriga de respectar todos os artigos contidos nesta ordenanza ao igual que as modificacións ou cambios que se poidan introducir no mesmo.

- As persoas candidatas inscritas na Bolsa de emprego do Concello de Boimorto terán a obriga de ser veraces na descrición das súas aptitudes, formación, situación laboral, e todos aqueles datos que proporcionen á persoa encargada da bolsa.

- Os traballadores inscritos na Bolsa de emprego do Concello de Boimorto terán o dereito de comprobar os seus datos para actualizalos, modificalos ou dalos de baixa de xeito voluntario, segundo o previsto na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de Protección de datos de carácter temporal.

- As persoas candidatas inscritas na bolsa procederán á renovación transcorridos dous anos dende a súa inscrición nela. Esta renovación realizarase durante os tres meses seguintes á data de finalización da vixencia da alta na Bolsa de emprego, se isto non se realizase deberá facer unha nova inscrición.

Artigo 6.2. Dereitos e deberas das empresas que inscriben unha oferta de emprego na Bolsa de emprego do Concello de Boimorto

- As empresas solicitantes terán dereito a coñecer todos os artigos contidos na presente ordenanza, así como cantos cambios e modificacións se produzan no mesmo. Así mesmo, terán a obriga de respectar todos os artigos contidos nesta ordenanza ao igual que as modificacións ou cambios que se poidan introducir no mesmo.

- As empresas solicitantes deberán estar legalmente establecidas e cumprir coa normativa reguladora de dita actividade.

- No caso de detectarse algunha anomalía no proceso, a empresa non poderá durante un ano inscribir ofertas na Bolsa de emprego ou definitivamente en caso de reincidencia.

#### ARTIGO 7. PROTECCIÓN DE DATOS

Segundo a Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos que incorpore o usuario neste ficheiro serán destinados para a finalidade descrita anteriormente, sendo responsable do ficheiro o Concello de Boimorto, ante o que se deben exercer os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación dos datos de carácter persoal.

Os datos de carácter persoal serán tratados co grao de protección adecuada, segundo o Real decreto 994/1999 do 11 de xuño, tomándose as medidas de seguridade necesarias para evitar a alteración coma perda, tratamento ou acceso non autorizado por parte de terceiros que o poidan empregar para finalidades distintas ás desexadas polo usuario.

Non está permitida a cesión doutros datos e a outras entidades diferentes do que se contempla nesta ordenanza.

Disposición final. A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei reguladora das bases do réxime local.

<b>ANEXO I</b>
<b>PREINSCRIPCIÓN NA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE BOIMORTO</b>
REXISTRO NÚM:

#### DEPARTAMENTO DE EMPREGO

D./Dna. <input type="checkbox"/>		NIF:
Enderezo: <input type="checkbox"/>	Cód. Postal	Localidade:
Data de Nacemento:	Nacionalidade:	Permiso de traballo Si <input type="checkbox"/> No <input type="checkbox"/>
Teléfonos: <input type="checkbox"/>		Correo Electrónico:

#### EXPOÑO

Que coñezo o contido da Ordenanza da Bolsa de Emprego do Concello de Boimorto, publicada o día ..... no BOP.

#### SOLICITO

A preinscripción na bolsa de emprego do Concello de Boimorto.

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, consinto que estos datos sexan incluídos no ficheiro de que é titular o Concello de Boimorto e poidan ser empregados coa facilidade de prestarme o servizo solicitado nesta instancia e declaro estar informado sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercitar no domicilio social do Concello de

Boimorto, na rúa Vilanova, 1, 15816 Boimorto (A Coruña). Consinto ademais que os meus datos sexan comunicados a aqueles organismos e/ou empresas que resulte necesario para tramitar o servizo solicitado.

Data: \_\_\_\_\_ Sinatura \_\_\_\_\_

XX

D./Dña \_\_\_\_\_  
 con D.N.I.: \_\_\_\_\_ e enderezo en \_\_\_\_\_  
 Concello \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_ Teléfono de contacto \_\_\_\_\_

**AUTORIZO**

Ao Departamento de Emprego do Concello de Boimorto para que solicite de oficio o volante de empadronamento co motivo de inscribirme na Bolsa de Emprego do Concello de Boimorto.  
 Boimorto , \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 20 \_\_\_\_

Sinatura

<b>ANEXO II</b>
<b>INSCRICIÓN NA NA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE BOIMORTO</b>
REXISTRO NÚM: _____

**DEPARTAMENTO DE EMPREGO**

D./Dña. <input type="checkbox"/>		NIF:
Enderezo: <input type="checkbox"/>	Cód. Postal	Localidade:
Data de Nacemento:	Nacionalidade:	Permiso de traballo Si <input type="checkbox"/> No <input type="checkbox"/>
Teléfonos: <input type="checkbox"/>		Correo Electrónico:

**EXPOÑO**

Que coñezo o contido da Ordenanza da Bolsa de Emprego do Concello de Boimorto, publicada o día ..... no BOP.

**SOLICITO**

A inscrición na bolsa de emprego do Concello de Boimorto como Desempregado

**ESTUDOS FINALIZADOS**

Certificado Escolaridade  BUP  FP1/CM  Diplomatura  EXB   
 FP2/CS  COU  Licenciatura  
 Bacharelato  ESO  Grao  Postgrao  
 Certificado de Profesionalidade .....   
 Competencias Clave .....

**FORMACIÓN COMPLEMENTARIA**

Cursos.....  
 .....

**INFORMÁTICA E TICS**

Coñecemento nivel usuario  Coñecementos específicos en .....

**IDIOMAS**

Galego Nivel\_\_CELGA  Español  Inglés  Francés  Alemán  Outros

**PERMISOS CONDUCIR**

Si  Non Tipo .....

**MINUSVALÍA:**

Si  Non Tipo ..... % .....

**CARNÉS/CAPACITACIÓNS PROFESIONAIS**

Manipulador/-a alimentos  Manip. Prod. Fitosanit.  Socorrista  CAP Met  
didáctica  Tarxeta profesional construc  Gruísta  Inst. font. e gas; calefacción  
 Insta.electricista  Competencia mariñeiro  Primeiros auxilios  CAP  
transporte  Outros especificar.....

**INTERESADO/A NAS SEGUINTE OCUPACIÓNS (consultar listaxe)**

Primeira	
Segunda	
Terceira	

**RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO (Por ocupación)**

Experiencia 1	
Experiencia 2	
Experiencia 3	

**RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO**

DNI/NIE ou .....  Tarxeta de demandante de emprego  
 Currículo  Informe situación laboral SPEG  
 Informe Vida Laboral  Outros .....

**LISTAXES OCUPACIÓN**

ADMINISTRACIÓN	COMERCIO INDUSTRIAL	CONSTRUCCIÓN	HOSTELERÍA E TURISMO	AGRICULTURA E PESCA
Aux.Administrativo Telefonista/recepcion ista Administrativo/a Arquivista/bibli. Contable Informático/a Dipl. Relacións laborais Lcd. ADE Axente Desenvolvemento Local	Dependente comercio DependenteGran.Sup Caixerio/a Reponedor/a Mozo/a Almacén Repartidor-a Comercial/vendedor Vendedor/a telef. Vix. Seguridade Conductor/a camiós	Peóns Construcción Albanel Alicatador/a Pintor/a Xefe/a de obra Delineante Conductor/a Excavadora, grúa e outra maqu	Camareiro/a bar Camareiro/a restaur Axudante cociña Pasteleiro/a Recepcionista hotel Conserxe Camareiro/a pisos Gobernante Tco./a turismo	Peón agrícola Peón forestal Tco medio ambiente Conductor/a maqu.agricola Xardiñeiro/a Mariñeiro/a Patrón embarcacións
OUTRAS PROFESIONS	MONTAXES, INSTALACIÓNS E MANTEMENTOS	INDUSTRIA	ATENCIÓN PERSOAS NO FOGAR	SANIDADE E ATENCIÓN ESPECIALIZADA
Avogado/a Animador/a sociocult Traballador/a social	Carpint. Madeira Carp. Meta Fontaneiro/a	Peón serv.xerais Peón estradas Peón fábrica	Aux.axud. Domicilio Coidador/a nenos Empregado/a fogar	Aux.clínica Aux.xeriatria Celador/a

Arquitecto/a Formador/a Mestre/a Diseñador/a graf. Enx. Tco electric Enx. Tco Industr mec Orientador/a laboral Sociólogo/a	Electricista Mecánico Mecánico naval Caldereiro Tubeiro Soldador/a Tco mantemento	Modista Traballador/a téxtil Carniceiro/a Pescadeiro/a Panadeiro/a	Perruqueiro/a Esteticista Masaxista Limpeza	Enfermeiro/a Médico/a Psicólogo/a Veterinario/a Farmacéutico/a Xerocultor/a
---	---	--	--	--

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, consinto que estos datos sexan incluídos no ficheiro de que é titular o Concello de Boimorto e poidan ser empregados coa facilidade de prestarme o servizo solicitado nesta instancia e declaro estar informado sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercer no domicilio social do Concello de Boimorto, na rúa Vilanova, 1, 15816 Boimorto (A Coruña). Consinto ademais que os meus datos sexan comunicados a aqueles organismos e/ou empresas que resulte necesario para tramitar o servizo solicitado.

Data: \_\_\_\_\_ Sinatura \_\_\_\_\_

<b>ANEXO III</b>
<b>RENOVACIÓN, MODIFICACIÓN OU BAIXA NA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE BOIMORTO</b>
REXISTRO NÚM: _____

### DEPARTAMENTO DE EMPREGO

D./Dna. <input type="checkbox"/>		NIF:
Enderezo: <input type="checkbox"/>	Cód. Postal	Localidade:
Data de Nacemento:	Nacionalidade:	Permiso de traballo Si <input type="checkbox"/> No <input type="checkbox"/>
Teléfonos: <input type="checkbox"/>		Correo Electrónico:

#### EXPOÑO

Que estou inscrito/a na Bolsa de Emprego do Concello de Boimorto.

Que coñezo o contido da Ordenanza da Bolsa de Emprego do Concello de Boimorto, publicada o día.....no BOP.

#### SOLICITO

A renovación da miña inscrición, xa que está próximo a vencer o prazo estipulado para este fin, e achego documentación que se relaciona máis abaixo.

A modificación dos meus datos, segundo se explica máis abaixo (1)

A baixa na Bolsa de Emprego por .....

(1) Indique a continuación os datos que desexa cambiar ou engadir

.....
.....
.....

Relación de documentación que achego para a renovación e/ou modificación

Relación de documentación que achego para a renovación e/ou modificación

.....
-------

.....
-------

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, consinto que estos datos sexan incluídos no ficheiro de que é titular o Concello de Boimorto e poidan ser empregados coa facilidade de prestarme o servizo solicitado nesta instancia e declaro estar informado sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercitar no domicilio social do Concello de Boimorto, na rúa Vilanova, 1, 15816 Boimorto (A Coruña). Consinto ademais que os meus datos sexan comunicados a aqueles organismos e/ou empresas que resulte necesario para tramitar o servizo solicitado.

Data: \_\_\_\_\_ Sinatura \_\_\_\_\_

**ANEXO IV**  
**AUTORIZACIÓN PARA PROTECCIÓN DE DATOS**

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI núm. \_\_\_\_\_

Os datos persoais contados no Currículo que, en adiante, xestionará o Concello de Boimorto, a través da súa Bolsa Local de Emprego, gozan de protección prevista no Título II da Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

Aos efectos da mencionada Lei Orgánica, fun informado previamente e declaro a exactitude e veracidade dos datos contados no mencionado Currículo e autorizo a súa utilización ao Concello de Boimorto mediante a súa Bolsa Local de Emprego, para a intermediación coas ofertas de traballo. Estes datos non se poden utilizar para finalidades incompatibles daquelas para as cales foron recollidas.

Sinatura

Boimorto, a ..... de..... do .....

<b>ANEXO V</b>
<b>INSCRIPCIÓN OFERTA NA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE BOIMORTO</b>
REXISTRO NÚM:

**DEPARTAMENTO DE EMPREGO**

D./Dna. <input type="checkbox"/>		NIF:	
Razón Social:		CIF/NIF:	
Enderezo: <input type="checkbox"/>	Cód. Postal	Localidade:	
Encargado da selección dos/as candidatos/as: <input type="checkbox"/>			
Teléfonos: <input type="checkbox"/>		Correo Electrónico:	
Xeito preferente de contacto ( e-mail, fax, teléfono...) <input type="checkbox"/>			

**EXPOÑO**

Que coñezo o contido da Ordenanza da Bolsa de Emprego do Concello de Boimorto, publicada o día ..... no BOP.

**SOLICITO**

A preinscrición da seguinte oferta na bolsa de emprego do Concello de Boimorto.  
Publicidade en medios da bolsa de emprego Concello de Boimorto:  Si  Non

**DESCRIPCIÓN DA OFERTA**

Ubicación do Posto de Traballo: <input type="checkbox"/>	Ocupación que se solicita:
Número de postos ofertados:	Nº de candidatos solicitados:
Descrición da ocupación: <input type="checkbox"/>	

**DATOS CONTRACTUAIS**

Data Prevista incorporación: <input type="checkbox"/>	Duración do contrato:
Tipo de Contrato:	Xornada de traballo:
Particularidades do emprego: <input type="checkbox"/> Traballo nocturno <input type="checkbox"/> Sábados, domingos e festivos <input type="checkbox"/> Traballo a domicilio <input type="checkbox"/> Transporte	

**REQUISITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS**

<b>Nivel de Estudos</b> <input type="checkbox"/> Sen estudos <input type="checkbox"/> FP1/CM <input type="checkbox"/> BUP <input type="checkbox"/> Diplomatura <input type="checkbox"/> EXB <input type="checkbox"/> FP2/CS <input type="checkbox"/> COU <input type="checkbox"/> Licenciatura <input type="checkbox"/> ESO <input type="checkbox"/> Bacharelato <input type="checkbox"/> Grao			<b>Certificado de Profesionalidade</b>	
<b>Titulación</b>	<b>Idiomas</b> <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Alemán <input type="checkbox"/> Outros	<b>Nivel Celga</b> <input type="checkbox"/> Indiferente <input type="checkbox"/> Nivel I <input type="checkbox"/> Nivel II <input type="checkbox"/> Nivel III <input type="checkbox"/> Nivel IV	<b>Informática</b> <input type="checkbox"/> Indiferente <input type="checkbox"/> Nivel usuario <input type="checkbox"/> Paquete Office <input type="checkbox"/> Outros .....	
<b>Carnés Profesionais</b>	<b>Debe viaxar</b> <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<b>Permiso de conducir</b> <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Tipo:	<b>Observacións:</b>	

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, consinto que estes datos sexan incluídos no ficheiro de que é titular o Concello de Boimorto e poidan ser empregados coa facilidade de prestarme o servizo solicitado nesta instancia e declaro estar informado sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercer no domicilio social do Concello de Boimorto, na rúa Vilanova, 1, 15816 Boimorto (A Coruña). Consinto ademais que os meus datos sexan comunicados a aqueles organismos e/ou empresas que resulte necesario para tramitar o servizo solicitado.

Data: \_\_\_\_\_ Sinatura \_\_\_\_\_



## LISTAXES OCUPACIÓN

ADMINISTRACIÓN	COMERCIO E SERVICIOS	CONSTRUCCIÓN	HOTELEIRÍA E TURISMO	AGRICULTURA E PISCICULTURA
Aux. Administrativo Telefonista/recepcionista Administrativo/a Arquivista/bibli. Contable Informático/a Dipl. Relacións laborais Lcd. ADE Axente Desenvolvemento Local	Dependente comercio Dependente Gran. Sup Caixerio/a Reponedor/a Mozo/a Almacén Repartidor-a Comercial/vendedor Vendedor/a telef. Vix. Seguridade Conductor/a camiós	Peóns Construcción Albanel Alicador/a Pintor/a Xefe/a de obra Delineante Conductor/a Excavadora, grúa e outra maqu	Camareiro/a bar Camareiro/a restaur Axudante cociña Pasteleiro/a Recepcionista hotel Conserxe Camareiro/a pisos Governante Tco./a turismo	Peón agrícola Peón forestal Tco medio ambiente Conductor/a maqu. agrícola Xardiñeiro/a Mariñeiro/a Patrón embarcacións
OUTRAS PROFESIONS	MONTAXES, INSTALACIÓN E MANTEMENTOS	INDUSTRIA	ATENCIÓN PERSOAS NO FOGAR	SANIDADE E ATENCIÓN ESPECIALIZADA
Avogado/a Animador/a sociocult Traballador/a social Arquitecto/a Formador/a Mestre/a Diseñador/a graf. Enx. Tco electric Enx. Tco Industr mec Orientador/a laboral Sociólogo/a	Carpint. Madeira Carp. Meta Fontaneiro/a Electricista Mecánico Mecánico naval Caldereiro Tubeiro Soldador/a Tco mantemento	Peón serv. xerais Peón estradas Peón fábrica Modista Traballador/a téxtil Carniceiro/a Pescadeiro/a Panadeiro/a	Aux. axud. Domicilio Coidador/a nenos Empregado/a fogar Perruqueiro/a Esteticista Masaxista Limpeza	Aux. clínica Aux. xeriatría Celador/a Enfermeiro/a Médico/a Psicólogo/a Veterinario/a Farmacéutico/a Xerocultor/a

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, consinto que estes datos sexan incluídos no ficheiro de que é titular o Concello de Boimorto e poidan ser empregados coa facilidade de prestarme o servizo solicitado nesta instancia e declaro estar informado sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercer no domicilio social do Concello de Boimorto, na rúa Vilanova, 1, 15816 Boimorto (A Coruña). Consinto ademais que os meus datos sexan comunicados a aqueles organismos e/ou empresas que resulte necesario para tramitar o servizo solicitado.

Data: \_\_\_\_\_ Sinatura \_\_\_\_\_

Explica a Alcaldesa que é un instrumento máis á disposición dos veciños para buscar e obter un emprego poñendo en contacto os desempregados coas empresas para conseguir o máximo emprego subvencionando a quen contrate.

Sen máis intervencións, por maioría con 6 votos, a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto) e con 5 abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Sendo necesaria aprobación dunha Ordenanza para a creación dunha Bolsa de Emprego do Concello de Boimorto (A Coruña), aprobar a Ordenanza anexo a seguinte proposta.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edito ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49. b) da lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

**ANEXO (tal e como foi reproducido na proposta da Alcaldía).**

## **12.- PROPOSTA FESTIVOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2015**

Pola secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldesa relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente:

### **<<PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL ORDINARIO A CELEBRAR EN DATA 25/09/2014 EN RELACIÓN COA DETERMINACIÓN DOS DOUS DÍAS QUE TERÁN CARÁCTER DE FESTAS LOCAIS NO 2015 NESTE CONCELLO.**

Visto o escrito remitido, vía fax da Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar, con entrada neste Concello nº 2061 en data 22/09/2014, polo que se solicita que antes do día 30/09/2014 deberá remitirse por este Concello as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o ano 2015.

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Declarar como datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o ano 2015:

.- Martes de carnaval do ano 2015.

e,

.- o luns de Rosario, 7 de setembro de 2015

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo sexa comunicada antes do vindeiro 30/09/2014 á Xunta de Galicia Consellería de Traballo e Benestar, Xefatura Territorial da Coruña.

En Boimorto o 22 de setembro de 2014

A Alcaldesa:

Asdo.- Ana Ledo Fernández>>>

Sen máis intervencións, por unanimidade, con 11 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Declarar como datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o ano 2015:

.- Martes de carnaval do ano 2015.

e,

.- o luns de Rosario, 7 de setembro de 2015

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo sexa comunicada antes do vindeiro 30/09/2014 á Xunta de Galicia Consellería de Traballo e Benestar, Xefatura Territorial da Coruña.

### **13.- PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL DO ICIO**

Pola Secretaría dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se transcribe a continuación literalmente:

#### **“PROPOSICIÓN ALCALDÍA MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO ICIO.**

Visto que non se preveu, na orde do día da Comisión informativa permanente especial de contas, o ditame deste asunto de natureza económica, sendo necesaria a modificación da ordenanza do ICIO para a súa adaptación ó disposto na Ordenanza municipal reguladora de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa aprobada polo Pleno municipal o día 24 de abril de 2014, solicito a aprobación do tratamento deste punto polo Pleno municipal .

(Aceptouse por unanimidade, cos 11 votos a favor de todos os concelleiros o tratamento deste punto )

A modificación pretendida redactada en anexo a esta proposición pretende aclarar a xestión do tributo, así como, regular autoliquidación nos casos de comunicacións previas.

Visto informe de secretaría intervención que consta no expediente de data 25/06/2014 propono que o Pleno municipal **ACORDE:**

**PRIMEIRO.-** Ratificar o contido íntegro do expediente e modificar a ordenanza fiscal reguladora do ICIO, ordenanza fiscal número 3, derogando o contido anterior, tal e como se sinala en anexo.

**SEGUNDO:** Aprobar, provisionalmente, segundo dispón o artigo 17.1 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais Rdlex 2/2004, a modificación desta Ordenanza fiscal derogando toda a normativa municipal que a contradiga.

**TERCEIRO:** Expoñer o expediente a información pública e audiencia ós interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no B.O.P., por un prazo de 30 días, para que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

**CUARTO:** No suposto de que non se presenten reclamacións contra ó mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, RDlex 2/2004

#### **ANEXO:**

**Quedarían estes artigos, trala aprobación de modificación, así redactados:**

#### **Artigo 2 Feito imponible:**

Constitúe o feito imponible deste imposto a realización dentro do termo municipal de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a dita licenza ou para a que se esixa presentación de comunicación previa sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este Concello

### **Artigo 3 Suxeitos pasivos**

Apartado 1.- Non varia

Apartado 2.- Teñen a consideracion de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que soliciten as correspondentes licencias ou realicen comunicacións previas e / ou realicen as construcións, instalacións e obras , se non fosen os propios contribuíntes.

### **Artigo 7 Bonificacións**

Apartado 1.- Non varia

Apartado 2.- As bonificacións establecidas neste artigo serán de natureza regrada e terán carácter rogado, debendo ser solicitadas expresamente polo suxeito pasivo antes este Concello, no mesmo momento de achegar a documentación necesaria para a obtención da correspondente licenza ou, no momento, de presentación da comunicación previa. Asemade ..... Mantense a redacción anterior .

### **Artigo 8 Retribución ( Queda redactado así)**

O imposto debe ingresarse no momento de comenza a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivera a correspondente licenza.

### **Artigo 9 Normas de xestión ( queda redactado así )**









































































































liquidación.







































En Boimorto o 25/09/2014  
A Alcaldesa:  
Asdo.- Ana Ledo Fernández”

Destaca a Alcaldía a posible devolución do imposto de non realizarse a obra.

Sen máis intervencións, por maioría, con 6 votos a favor cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, un do concelleiro do grupo mixto e cinco abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Ratificar o contido íntegro do expediente e modificar a ordenanza fiscal reguladora do ICIO, ordenanza fiscal número 3, derogando o contido anterior tal e como se sinala en anexo.

**SEGUNDO:** Aprobar provisionalmente, segundo dispón o artigo 17.1 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais Rdlex 2/2004, a modificación desta Ordenanza fiscal derogando toda a normativa municipal que a contradiga.

**TERCEIRO:** Expoñer o expediente a información pública e audiencia ós interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no B.O.P., por un prazo de 30 días, para que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

**CUARTO:** No suposto de que non se presenten reclamacións contra ó mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, RDlex 2/2004

**ANEXO:**

**Quedarían estes artigos trala aprobación de modificación así redactados:**

**Artigo 2 Feito imponible:**

Constitúe o feito imponible deste imposto a realización dentro do termo municipal de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a dita licencia ou para a que se esixa presentación de comunicación previa sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este Concello

**Artigo 3 Suxeitos pasivos**

Apartado 1.- Non varia

Apartado 2.- Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que soliciten as correspondentes licencias ou realicen comunicacións previas e / ou realicen as construcións, instalacións e obras , se non fosen os propios contribuíntes.

**Artigo 7 Bonificacións**

Apartado 1.- Non varia

Apartado 2.- As bonificacións establecidas neste artigo serán de natureza regrada e terán carácter rogado, debendo ser solicitadas expresamente polo suxeito pasivo ante este Concello, no mesmo momento de achegar a documentación necesaria para a obtención da correspondente licenza ou, no momento, de presentación da comunicación previa. Asemade ..... Mantense a redacción anterior .

**Artigo 8 Retribución ( Queda redactado así)**

O imposto debe ingresarse no momento de comenza a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivera a correspondente licencia.

**Artigo 9 Normas de xestión ( queda redactado así )**









































































































liquidacións.







































**14.- DACIÓN DE CONTA INFORME DE MOROSIDADE SEGUNDO TRIMESTRE  
2014**

Pola Secretaria dáse lectura ó informe relacionado con este punto da orde do día:







































































































































































































































































































































































































































































Tras las modificaciones producidas por la Ley 11/2013, de 26 de julio, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo, la regulación de la obligación de la Administración de abonar, en su caso, los correspondientes intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro, se regula en el TRLCSP en los artículos 216, 222 y 235. Dicha regulación se remite a la LMOC, a efectos del cálculo de los intereses de demora y de la indemnización por los costes de cobro.

















































Os membros do Pleno dansepor informados.

### **15.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA**

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas entre os días; 25/06/2014 a 19/09/2014, números 202 a 379.

Pregunta a Alcaldía se algún grupo municipal ten mocións que presentar, non se presentando por outros grupos mocións o grupo municipal do PSdG-PSO expón a seguinte moción:

### **<<MOCIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA | CRÉDITO EXTRAORDINARIO 7/2014.**

Visto o expediente de crédito extraordinario 7.2014, ante a necesidade de crear partida de inversión para facer fronte a gasto de adquisición de furgoneta transporte usuarios dos Servizos Sociais, sendo urxente o tratamento deste punto non incluído na orde do día, por non ter determinado claramente o crédito necesario ata data de hoxe, solicito que o Pleno acepte o tratamento e votación desta moción. ACÉPTASE POR UNANIMIDADE (con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto).

Considerando estes gastos específicos determinados non demorables ó próximo exercicio e, considerando, a posibilidade de dar de baixa créditos previstos nas partidas de inversión de cultura e deportes, xa que, a Deputación non outorgou o solicitado e non é necesario aplicar os créditos municipais previstos nestas partidas:

Non supoñendo a baixa desta partida perturbación a ningún servizo municipal en funcionamento.

Vista a necesidade de crear unha partida na que imputar gastos de inversión para mercar unha furgoneta adaptada para transporte de usuarios dos Servizos Sociais deste Concello .

Visto informe de secretaria intervención a esta modificación de data 25/09/2014 .

Vista a normativa legal que permite a modificación dos presupostos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de Execución do Presuposto do exercicio 2014.

Á vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que o pleno adopte o seguinte

#### **ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación, vía crédito extraordinario, financiado con baixa por anulación na parte que era de aportación municipal nas seguintes partidas:

330.63700-12.500€



340.62700 -5.000€

creando a seguinte partida:230.63400 inversión Servizos Sociais elemento de transporte 17.000€

**Segundo.-** Considerar estes gastos específicos e determinados se que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores..

**Terceiro.-**Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014, crédito para estes gastos no capítulo 6, por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

**Cuarto . -** Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública e tramitar tamén a modificación do anexo de inversións.

Boimorto 25 de setembro de 2014

A Alcaldesa:

Asdo.- Ana Ledo Fernández>>>

Sinala a Alcaldía a necesidade dun transporte adecuado para os usuarios da residencia e do centro de día.

O concelleiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro di que deduce, polo tanto, que o transporte actual non é adecuado.

A Alcaldesa respóstalle que o que se trata é de melloralo.

O concelleiro do PP D. Gonzalo Concheiro sinala que entón non é unha inversión necesaria e que se un usuario ten limitada a súa mobilidade non sabe se se cumpre normativa para poder seguir facendo ese transporte.

O Concelleiro do PSdG-PSOE D. José Ignacio Portos di que o que se pretende é mellorar o servizo, acoplar unha rampa a furgoneta actual é complicado.

Pregunta o concelleiro do PP D. Gonzalo Concheiro polas prazas do novo transporte, di a Alcaldesa que 3 ou 4 prazas, que entrarían unha ou dúas cadeiras.

Continúa o concelleiro do PP preguntando se o condutor pode ser calquera.

Di o concelleiro do PSdG-PSOE D. José Ignacio Portos que non é un transporte grande en bus para máis esixencias.

Sen máis intervencións, por unanimidade, con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía crédito extraordinario financiado con baixa por anulación na parte que era de aportación municipal nas seguintes partidas:

330.63700-12.500€

340.62700 -5.000€

creando a seguinte partida: 230.63400 inversión Servizos Sociais elemento de transporte 17.000€

**Segundo.-** Considerar estes gastos específicos e determinados se que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores..

**Terceiro.-** Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014, crédito para estes gastos no capítulo 6, por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

**Cuarto. -** Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación

inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública e tramitar tamén a modificación do anexo de inversións.

## **16.- ROGOS E PREGUNTAS**

A Alcaldesa dálle a palabra ó concelleiro do grupo municipal mixto D. Xosé Luís Rivas que roga que a publicidade do evento do Festival de la Luz se faga en galego. Continúa este concelleiro rogando que no alto de Bertomil, onde entronca a nosa pista que vai a Nogaredo coa estrada que vai A Mota, se faga a corrección necesaria para que non apoce a auga e se recubra convenientemente para evitar accidentes ao tomar a curva.

A continuación a Alcaldesa dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do PP D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo que pide explicación á Alcaldía ante a non resposta do escrito que se reproduce a continuación literalmente e foi presentado polos Santiaguíños:

<<Desde a Agrupación Folclórica Santiaguíños de Boimorto, a día 29 de xullo de 2014, queremos facer constar o noso descontento co trato que estamos recibindo por parte da corporación municipal. Tomamos a decisión de elaborar este escrito a raíz de varios acontecementos.

- O boletín informativo número 81, de xullo do 2014, infórmanos da futura celebración no mes de agosto da *Festa dos Maiores* e da *Feira de Época*. Tendo en conta que sempre que se celebrou este evento se nos invitou a participar, vari@s membros da directiva reuníronse coa actual alcaldesa para ofrecer a habitual actuación gratuíta (como todas as que se fan para o concello). Explicando ademais que xa se tiña outro compromiso ese mesmo día de mañá, polo que se quisexen contar coa nosa presenza deberían adaptar a programación.
- O día 15 de xullo a representante do grupo ten unha reunión coa persoa encargada de elaborar a programación do mencionado evento. Nesta conversa chégase á conclusión de que a nosa actuación se realizase ao remate da comida para abrir a festa. Ao día seguinte, día 16 do mesmo mes, infórmanos desde o concello que só poderíamos actuar pola mañá entre as 11:00 e as 13:00 horas. Debido a isto, reunímonos coa alcaldesa. Neste encontro négásenos a posibilidade de mudar a programación a pesar de que nós xa lle deixáramos claro con anterioridade que non podíamos actuar pola mañá. Isto lévanos a pensar que non lles interesa a nosa participación. Ademais nesta xuntanza bótasenos en cara que utilizamos varios locais do concello e que non colaboramos nas actividades organizadas pola corporación municipal. Debido a estas afirmacións, que consideramos mentira, a directiva da agrupación réunese e decide concertar un encontro coa alcaldesa.
- Durante a semana do 21 de xullo (sábado incluído) o presidente da agrupación tenta poñerse en contacto coa alcaldesa coa intención de aclarar todo o exposto anteriormente. Tras varias chamadas deixando o seu nome e número de contacto, non se recibe ningunha resposta.
- Ademais de todos estes feitos, o noso maior asombro aparece cando o sábado día 26 de xullo o mestre de gaita xunto co seu alumnado non pode acceder ao local de ensaio (o actual centro de día dos maiores) porque se mudara a fechadura sen avisar. Isto sorprende a toda a agrupación e resulta unha auténtica falta de respecto.

- Por último, o día 28 de xullo publícase o boletín informativo número 82 onde aparece a programación do día dous de agosto na cal non aparece a nosa agrupación.

Todos estes acontecementos unidos a outros anteriores, aos cales lles fomos quitando importancia para evitar problemas ou enfrontamentos co concello, lévannos a romper o noso silencio e tentar explicar o porque do noso descontento:

- En primeiro lugar consideramos que sendo o único grupo de música e baile tradicional do Concelo de Boimorto, non estamos a recibir o trato que pensamos merecer. Deberíase ter en conta que somos a única asociación que levamos a cabo actividades de dinamización cultural e que contamos cunha gran porcentaxe de xente nova. Así, se o trato dado por parte do concello fose bo, poderíamos colaborar moito máis, facendo que a actividade cultural de Boimorto fose rica e variada.

- No que ten a ver co uso local, poñemos de manifesto que sempre utilizamos o lugar que se nos deixou tendo que ir en moitas ocasións dun lado para outro sen ter ningún local adaptado ás nosas necesidades. En relación con isto é importante ter en conta que hai uns anos a corporación municipal nos negou a posibilidade de acceder a unha subvención do AGADER para o arranxo dun local, en que se nos pagaba o 100% do importe. Este arranxo melloraría as condicións dun local público do cal se beneficiaría todo o pobo e a única condición necesaria era a cesión do local durante cinco anos para uso de toda a comunidade (non só da agrupación).

- Outro feito que nos resultou molesto tivo lugar no pasado *Festival da Luz* (ano 2013) onde se nos desprezou publicamente xa que se contou con gaiteros e gaiteras que se supoñía que representaban a nosa comarca mais nós non fomos invitad@s. Isto provocou unha gran sorpresa e enfado tanto a nivel agrupación como a nivel veciñal.

- En relación ao dito con anterioridade da suposta non participación da agrupación nas actividades do concello queremos poñer de manifesto que sempre asistimos cando se organizou algo e se nos chamou, incluso temos acudido a eventos para os que se nos chamou con só unhas horas de antelación. A pesar disto, levamos máis dun ano sen recibir invitación de ningún tipo para acto algún dos organizados polo concello. Por outra banda queremos deixar claro que sempre consideramos unha obriga moral a nosa asistencia a actos de tipo cultural organizados polo concello en que fose posíbel a nosa participación. Referímonos, por exemplo, ao festival dos *Cantares de Reices* e a *Festa dos Maiores*. No que ten a ver cos horarios das actividades culturais destinadas a xente ova do concello vimos de observar que desde hai un tempo se organizan para os venres de tarde (día que ten lugar o ensaio de baile e canto tradicional desde hai máis de nove anos), de xeito que quen queira asistir ten que escoller entre unhas ou outras, impedindo que se poida gozar de todas. Isto non só nos perxudica a nós como agrupación, senón que tamén afecta aos nenos e nenas de Boimorto.

En definitiva, consideramos totalmente inxusto, insatisfactorio e incluso insultante o xeito en que se nos está tratando. Até o de agora intentamos calar e pasar por alto esta actitude mais chegou un punto en que a situación é insostíbel e comezamos a pensar que se está intentando acabar coa agrupación.

En Boimorto, a 29 de xullo de 2014

Asdo.:

José Carlos García Sánchez (presidente)      José Manuel Pintor Solla (vicepresidente)

Ana María Sánchez Vigo (secretaria)      Iria Vázquez Rodríguez (tesoureira)

Outr@s membros da directiva:>>

Continúa esta concelleira solicitando que sexan respostadas en tempo e forma preguntas que presentou en varios escritos por rexistro de entrada.

A continuación a Alcaldesa dálle a palabra ó concelleiro do grupo municipal do PP D. Antonio Costoya que roga en nome dos veciños de Arceo a mellora do firme do campo da festa e sinalización nalgunhas aldeas, manifesta queixa polas plantacións de PONTE BOADO A BUAZO, e a falta de recollida de vidro solicitada por Rogelio Sueiro.

Dálle a Alcaldía a palabra ó concelleiro D. José Ignacio Portos que sinala que a recollida de vidro e o último venres de cada mes.

Expón Alcaldía ante as preguntas e rogos manifestados que:

En relación coa reclamación dos Santiaguíños di que primeiro falou coa presidencia para facer unha reunión de data e hora fin de semana dispoñible, propoñendo finalmente xoves a partir das dez para a actuación, non opoñéndose ó grupo dos Santiaguíños ata que din que os estudantes que forman parte do grupo están desprazados (aínda que xa ve que están hoxe no Pleno e é xoves) e que non se pode. Continúa a alcaldía sinalando que non sabe se está obrigada a invitar, que se é así se desculpa, que cando se plantexou a actuación falou con Carmen e entendeu que tiñan un acto o día seguinte e que a única maneira para actuar era pola mañá, (sendo as 21:30 horas auséntase da sesión D. Gonzalo Concheiro) non sendo posible neste caso, xa asumidos outros compromisos, encaixar as horas. Di que na reunión en Alcaldía por ambas partes perdéronse as formas polo que se desculpa, e que pediu un informe os servizos municipais en relación ás actividades en común ou colaboración do Concello con esta Asociación.

Sobre a actuación no Festival non entrou na miña xestión.

Sobre o cambio de pechadura di que ninguén se molestou en pedir a nova chave, que se viñesen se daría.

Defende Alcaldía que o Concello apoiou a esta Asociación con subvencións, axuda publicitaria para festas, colocación de carteis, e outros préstamos que nunca se negou nada e lle sorprende que utilicen ó Partido Popular para estas queixas cando o importante sería unha reunión en Alcaldía.

(Sendo as 21:27 entra o concelleiro D. Gonzalo Concheiro xustificando que vaise ausentar por urxencia médica e marcha).

En relación coas preguntas e escritos presentados polos concelleiros do Partido Popular D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo e D. Gonzalo Concheiro Coello con rexistros de entrada, con números e datas de rexistro de entrada: 2075,2076,2077 e 2078 o 23/09/2014, di a Alcaldía que lle se sorprenden tantos escritos do Partido Popular, máis cando descubre que o 90% das preguntas ou xa estaban contestadas por decretos ou nunca foi denegada a información a ningún concelleiro, que se remite documentación a casa para que sexa consultada (decretos, actas) e que na Casa Consistorial recibe a todo o mundo para pedir información ou aclaracións., pide que as críticas a súa labor sexan construtivas e di que o Pleno serve para algo máis que para sembrar dúbidas e facer perder o tempo ós traballadores, di que vai contestar e falar despacio para que se tome nota e non se pregunten sempre as mesmas cousas (intervén a concelleira do PP D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo para dicir que non vai tomar nota xa que se lle pasarán as respostas por escrito) di a Alcaldía que mellor que tome nota por se perde as respostas, e continúa sinalando que os erros

asúmense máis lle sorprende ser unha ameaza e que se intente dar mala imaxe do bo traballo feito.

En relación ó escrito 2075 dille á concelleira que ten esa información nos decretos dos que se lle dá copia o seu grupo, que os mire.

Pide a palabra a concelleira do PP D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo pero non lle permite a Alcaldesa a intervención.

Dando resposta ó escrito 2076 a Alcaldesa dille que mire decretos, que os custes no 2014 do Festival da Luz faltan facturas pero outras xa están aprobadas, que mire os decretos polos que tódolos meses se liquida axuda no fogar, o mesmo para gastos Magreco (en decretos e actas) continúa sinalando que se desconfía da xestión do Festival de la Luz e Magreco recorda que o Concello non ten débedas, está saneado e recoñecido na comarca o traballo realizado, que se pregunten estas cousas di que é vergoñoso.

Dando resposta ó escrito 2077 do concelleiro do PP D. Gonzalo Concheiro sobre o expediente de adquisición de vehículo adaptado di a Alcaldía que este escrito é unha copia doutro de 2/5/2012 que tivo o PP acceso ó expediente ... Pide a intervención o concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE D. José Ignacio Portos permitida pola Alcaldía, e expón o concelleiro que fronte a dito gasto había reparo de intervención que foi levantado por unanimidade cos votos a favor do PP.

A concelleira do PP D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo di que se todo está ben non entende que moleste que se pida información que eles non desconfían.

Dille a Alcaldía que xa teñen esa información.

Resposta a Concelleira do PP que a comisión para dar conta do funcionamento da residencia fíxose unha vez e que na documentación que lles da non está todo, dirixíndose a Secretaría pide que se envíe documentación por correo electrónico.

O concelleiro do grupo mixto roga tamén que se faga reunión para ver como vai a Residencia.

O concelleiro do grupo municipal do PsdG-PSOE D. José Ignacio dille a M<sup>a</sup> Jesús Novo que ten que preocuparse de mirar todos os meses decretos, actas.

Continúa Alcaldía en relación co escrito presentado polo PP 2078 respostando que segundo informe dos Servizos Sociais houbo 40 solicitudes de axuda de alimentos, concedidas foron a 34 familias, 4 denegadas por non ser urxentes e 2 que non cumprían requisitos por ingresos segundo dito informe dos Servizos Sociais. En relación á cantidade de alimentos repartidos di que 2013 en 3 fases foron repartidos 3.877KG e explica, segundo informe, os KG en cada fase, di sobre custe dos portes que os alimentos se recollen polo Concello con vehículos municipais e que foron repartidos na primeira fase entre setembro e outubro de 2013, 2<sup>a</sup> xaneiro 2013/2014 e 3<sup>a</sup> marzo abril maio 2014 e que están pendentes de elaboración os lotes de reparto da primeira fase do 2014 con 741,60KG, continúa a Alcaldesa explicando que se reparten todos os alimentos pola traballadora social e con empregados municipais.

Continúa Alcaldía respostando á concelleira polo escrito 2078 indicando que nos decretos de alcaldía ten os datos solicitados da residencia, que o persoal directo son 12 auxiliares, 2 ATS, 1 pinche de cociña e un fisioterapeuta, e os horarios, auxiliares a quendas explica horarios quendas, .. O ratio de persoal da residencia que sería de 0,35 legal e sobre 29 residentes estamos a 10,15 moi por encima das esixencias legais. Sobre o convenio de persoal di que non hai dito convenio no Concello que se rexen por pacto individual; sobre ingresos e gastos da residencia reitera a Alcaldía a necesidade de ler a documentación que en decretos e actas se remite os concelleiros. En relación á información solicitada polo PP neste escrito sobre expediente disciplinario di a Alcaldía que o procedemento non está aberto, está resolto por decreto, e que aclárase que no anterior pleno esta concelleira preguntou por fotos realizadas e como Alcaldesa só ten coñecemento dunha fotografía e se o PP ten máis información deberá aportala para depurar responsabilidades, indica a Alcaldía que considera que o PP está

representando os intereses dunha persoa sancionada máis que xustificadamente, continúa explicando que as diferentes sancións obedecen as diferentes culpas que tiña o persoal nos feitos acontecidos e que aínda que solicitan o expediente despois non pasa ningún concelleiro do PP a velo por oficinas aínda que se autorice o acceso, que poden consultalo que está a súa disposición. Sobre se era habitual facer fotos na Residencia di a Alcaldía que as fotos son as autorizadas polos usuarios e as súas familias e que ten cabida legal a realización de fotos con xustificación médica necesarias para atención inmediata en caso de risco de saúde da persoa e feitas por ATS con finalidade médica, profesional e rigurosa non para ser obxeto de mofa, risa ou burla.

Sobre a pregunta de privatización do servizo da residencia como ameaza di Alcaldía que se o Concello non pode resolver unha situación pode que outra entidade si e non é unha ameaza, explica tamén que a relación cos familiares dos usuarios da residencia e do centro de día é fluída e dirixida pola dirección, determínanse os horarios mellores para levantar os usuarios. Continúa Alcaldía respostando a dito escrito indicando que non hai albaneís no Concello e que ela tivo dous informes de reparo que foron levantados en Pleno e un hoxe.

Dálle a palabra a Alcaldía á concelleira D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo, que é a súa obriga como concelleira asistir a unha asociación que llo pide, que as preguntas por escrito reflexan o que lle din os veciños na rúa e como representante de parte dos votantes son trasladadas esas preguntas . Sobre a pregunta dos albaneís di que se estaba referindo a reunión con autónomos que din que teñen problemas cos novos permisos.

Resposta a Alcaldía que pola aplicación da nova normativa da Xunta hai obras que pasan a ser obxeto de comunicación previa e tense que aplicar a lei.

Continúa a concelleira do grupo municipal do PP explicando que se non atopa información nos decretos seguirá preguntando, non por desconfianza na xestión feita, nin nos traballadores nin do Alcalde anterior, senón pola súa obriga de participación en todo, como verá a Alcaldesa que antes non vía xa que non asistía, participación que reflexa o apoio o traballo feito.

Di a Alcaldía que é increíble que o PP represente a unha persoa sancionada nun disciplinario, que se a familia da usuaria prexudicada quixera denunciar a auxiliar máis sancionada undirían a dita auxiliar, explica que non lle parece normal que un facultativo que fai labores na residencia chame a traballadores municipais pedindo depuración de responsabilidades.

A Alcaldesa dálle a palabra o concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE D. José Ignacio Portos que expón que vai ser o seu último pleno xa que vai renunciar como concelleiro desta corporación e que como concelleiro delegado para a xestión do Festival de la Luz e Alcalde en anos anteriores roga a esta Corporación un compromiso do Concello co Festival de la Luz para que non se perda, continúa indicándolle ó concelleiro do grupo mixto que a publicidade municipal de dito evento e sinalización foi feita en galego a outra non, felicita ó persoal do Concello pola súa labor no evento, Festival polo que Boimorto saiu no Hormiguero aínda que na prensa galega non interesa nin se lle dá importancia. Continúa este concelleiro indicando que os Santiaguíños o ano pasado non actuaron con Carlos Núñez xa que cando lle pediron como Alcalde colaboración municipal para poñer gaiteiros pensou no mestre de gaita de Boimorto Manuel Varela e foi a referencia que lle deu á promotora.

Remata este concelleiro dirixíndose á concelleira do PP D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo para indicarlle que as caldeiras de biomasa son subvencionadas polo seu partido, pídelles apoio o Concello lealdade, que en relación coas comunicacións previas para obras menores o Concello ten que adaptarse á nova normativa e que o pleno non poden vir contos senón feitos. Continúa indicándolle pola noticia da Voz de Galicia sobre o PEIM na que sae a concelleira que ese plan foi outorgado a tódolos Concellos de Galicia por lei, que en dependencia é increíble que se fale de dar máis en axuda no fogar cando recortan os servizos mínimos, que Beatriz Mato nunha reunión prometeu

subvención dun vehículo e agora xa o nega en turismo igual non hai colaboración co Concello de Boimorto, isto prexudica ós veciños, di que debe unirse a corporación polo ben dos veciños, que en Boimorto hai cousas que outros non teñen, sobre o tema do autobús municipal sobre o que o PP sempre está preguntando di que opina que responden ditas preguntas os intereses dunha empresa particular que marchou dicindo que non interesaba o servizo. O concelleiro D. José Ignacio Portos despídese e di que espera que todo siga o mellor posible.

A concelleira do grupo popular D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo di que se alegra de ter compartido con el estos anos aínda que non están de acordo en cousas.

O concelleiro D. José Ignacio dille que non se pode vir a votar sen máis en contra.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 22:14 minutos do expresado día. Autorízase a presente actuar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- Ana Ledo Fernandez